

Estimada empresa,

No marco de execución do proxecto “**0125_EXPORT_PLUS_6_E Sistema de apoio á Internacionalización das Pemes Agroalimentarias Artesanais do Programa Operativo EP – INTERREG VI A ESPAÑA PORTUGAL (POCTEP) 2021 – 2027**” informámoslle sobre a posibilidade de participación da súa empresa na **Promoción en Punto de Venta (PPV) de produtos españois e portugueses** en formato presencial en diferente puntos de venta da cadea francesa Système U, entre os días 11 e 22 de xuño de 2025.

O obxecto de dita acción é promocionar os seus produtos e marcas, así como testar a súa aceptación no mercado francés por parte do consumidor final. Netas acción **os puntos de venta realizarán unha compra en firme dos produtos seleccionados para a Promoción.**

1. DESCRIPCIÓN DA CADEA.

SYSTÈME U conta con máis de 1.500 establecementos en Francia. O grupo funciona a través dun sistema de cooperativas independentes que xestionan con gran autonomía un número determinado de supermercados agrupados xeograficamente. Despois de *E. Leclerc* e *Les Mousquetaires*, SYSTÈME U é o terceiro grupo da gran distribución francés en mostrar unha evolución positiva en cota de mercado nos últimos anos.

Se por algún motivo alleo á vontade do cliente ou por causa de forza maior non fose posible realizar a acción promocional segundo o explicado, plantearáse unha alternativa similar neste ou noutro mercado no que o alcance do público obxectivo se refire.

2. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN.

As tres promocións en punto de venta realizáranse entre os días 11 e 22 de xuño de 2025 nos seguinte establecementos físicos:

- HYPER U BAULE
- SUPER U ST PERE SUR LOIRE
- SUPER U A FERTE SAINT AUBIN

Se por algún motivo alleo á vontade do cliente ou por causa de forza maior non fose

España – Portugal

posible realizar a acción promocional na data e lugar de celebración detallado, plantexarase unha alternativa similar neste ou outro mercado no que o alcance de público obxectivo se refire.

3. PRODUTOS DE INTERESE.

Convócase principalmente a aquelas empresas agro alimentarias e de bebidas cos seguintes produtos:

- . Xamón e chacinaria
- . Carne
- . Peixes
- . Queixos e produtos lácteos.
- . Conservas e semiconservas, afumados e salazón de peixe
- . Aceite de oliva
- . Aceitunas e encurtidos
- . Legumes
- . Picos, regañás, canapés e produtos de pan
- . Froitos secos
- . Patacas fritas
- . Doces
- . Gazpacho, salmorejo
- . Sal
- . Produtos precociñados e conxelados como tortillas, croquetas, rebozados, mariscos...
- . Outros produtos non identificados nesta lista, pero con representatividade da cultura gastronómica ibérica

4. EMPRESAS A CONVOCAR E CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

Convócase ás empresas que cumplan os seguintes requisitos:

- Ser **empresa/persoa xurídica legalmente constituída.**
- Pertencer ao **sector agroalimentario e/ou bebidas.**
- Só poderán solicitar a súa participación na PPV **as empresas inscritas correctamente en EXPORT PLUS.** Toda empresa interesada que non tivera realizado a inscrición poderá facelo a través do seguinte formulario enlace. As empresas inscritas non necesitarán volver a facelo.

5. MODELO DE PROMOCIÓN.

O modelo de promoción negociado coa cadea é **de venta en firme**. Isto supón que cada empresa seleccionada* para a acción recibirá pedido para un, dous ou para a totalidade dos puntos de venta implicados na promoción xa mencionados. Estes pedidos serán facturados na súa totalidade, seguindo indicacións previas proporcionadas polo proxecto, e que coincidirá coa saída da mercancía das instalacións da empresa produtora. Deste modo elimínase o risco comercial ao facturarse o importe total do pedido ao inicio e desvinculándose do funcionamento de cada unha das referencias nos puntos de venta.

*Serán os adxudicatarios dos contratos quenes leven a cabo a selección das empresas e referencias, non tendo intervención algunha na decisión de compras das entidades beneficiarias que conforman o consorcio do proxecto.

6. COSTE DE PARTICIPACIÓN.

Dado que **0125_EXPORT_PLUS_6_E** é un proxecto co financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa INTERREG VI – A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, as empresas participantes na PPV non terán que facer fronte a ningunha cota de participación.

Non obstante, as empresas seleccionadas para a participación deberán abonar obrigatoriamente unha **cota loxística, aínda por definir, que oscilará entre o 40 – 50% do importe total dos pedidos en firme recibidos** en concepto de contribución ao aporte loxístico da acción. Esta cota deriva dos coste polos servizos de coordinación de transporte e loxística como o envío a destino dende o punto de consolidación en Sevilla ata os almacéns de recepción, coste derivados da manipulación de mercancía en destino o distribución capilar dos pedidos, entre outros, polo que **serán asumidos enteiramente polas empresas participantes.**

Neste sentido, o porcentaxe definitivo para o cálculo da cota loxística será comunicado ás empresas finalmente seleccionadas, as cales deberán firmar un documento como compromiso de abono de dita cota, documento que se lle fará chegar unha vez supere a fase de selección.

7. COMPROMISO DAS EMPRESAS PARTICIPANTES.

As empresas finalmente seleccionadas na Promoción comprometerase:

- **Envío da mercancía en data e lugar asignado:** cada empresa deberá entregar a mercancía nun único punto de grupaxe ubicado en Sevilla (España) cumprindo **obligatoriamente** coa data fixada. O seu incumprimento suporá a non participación na acción, a falta de pago do pedido ou pedidos en firme e o mantemento do compromiso de pago da cota loxística.

A data e a dirección exacta de entrega da mercancía serán comunicados unicamente ás empresas seleccionadas na acción.

- **Envío da mercancía de acordo coas instrucións loxísticas:** cada empresa deberá entregar a mercancía de acordo coas instrucións facilitadas polo proxecto no referente a **preparación da mercancía, etiquetado para a correcta identificación das caixas, stickers en francés, preparación de documentos loxísticos...**
- **Degustacións:** realizaranse sesións de degustación nos diferentes puntos de venta. Para o cal, solicitarase ás empresas participantes que, o seus pedidos, realicen tamén **o envío de mostras sen valor comercial de referencias incluídas nos pedidos en firme para labores de degustación.**
- **Carta de compromiso de pago da cota loxística** nos termos especificados anteriormente.

8. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR E DATA LÍMITE.

As empresas que desexen participar deberán confirmar seu interese por escrito ás seguintes direccións de correo electrónico: internacional@landaluz.es / exportplus.poctep@gmail.com e aportar a seguinte información:

- **Confirmación de interese en participar na acción.**
- **Envío da súa páxina web.** En caso de que a seu empresa no dispoña de portal web, rogamos nos indique o seu perfil en redes sociais.
- **Envío de catálogo de referencias:** En caso de que o seu catálogo inclúese referencias no dispoñibles, cambios no packaging ou calquera outra actualización, rogamos nolo indiquen para facilitar a xestión ós adxudicatarios.

O prazo de admisión de solicitudes será o comprendido **entre a data de envío da convocatoria e o venres día 11 de abril de 2025 ás 24 horas.** As solicitudes recibidas fora desta data non serán tidas en conta, salvo indicación dos

España – Portugal

colaboradores/adxudicatarios en destino ao fronte da selección de empresas e referencias para esta promoción.

Tras o fin do prazo de admisión, os adxudicatarios iniciarán as labores para a preselección das empresas. Seguindo as súas indicacións, comunicárase a decisión tanto ás empresas seleccionadas como non seleccionadas e se iniciará unha segunda fase para a selección final das empresas e referencias, nas que se deberá aportar documentación comercial para a correcta execución da acción, documentación que será comunicada con posterioridade.

9. OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE.

Para o correcto desenvolvemento da acción, convócase ás empresas interesadas na celebración de:

- **Webinar para resolución de dúbidas:** Sesión online que se celebrará o próximo xoves día 3 de abril ás 11 horas española / 10 horas portuguesa a través da plataforma TEAMS. As empresas poderán acceder ao webinar clicando en o seguinte enlace:

WEBINAR RÉOLUCIÓN DE DÚBIDAS PPV FRANCIA – EXPORT PLUS

[Únase usando este enlace](#)

Id. de reunión: 372 065 754 115

Código da acceso: DU9PZ3rB

Para calquer aclaración ou consulta, pode contactar nos e-mails internacional@landaluz.es / exportplus.poctep@gmail.com.